

NORMATIVA DEROGADA

REGULAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO

CAPITULO I - NORMAS XERAIS DE ORGANIZACION DA XUNTA DE GOBERNO

CAPÍTULO II - DO PLENO DA XUNTA DE GOBERNO

CAPÍTULO III - DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE GOBERNO

CAPITULO IV - DA REFORMA DO REGULAMENTO

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS, TRANSITORIA E FINAL

CAPITULO I - NORMAS XERAIS DE ORGANIZACION DA XUNTA DE GOBERNO

(XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE DECEMBRO DE 1999)

Artigo 1

A Xunta de Goberno é o órgano ordinario de goberno da Universidade. Son competencias da Xunta de Goberno as que lle son atribuídas polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 2

1.- As decisións que tome a Xunta de Goberno en materias da súa competencia adoptarán a forma de acordos que esgotan a vía administrativa e son impugnables directamente diante da xurisdicción contencioso-administrativa. Nos outros casos adoptarán a forma de propostas, e non vinculan ó Rector no exercicio das súas competencias.

2.- Cando a Xunta de Goberno deba tomar acordos que afecten especificamente a un departamento ou instituto, o Rector convocará, sempre que o asunto teña relevancia suficiente, con voz pero sen voto, ós directores que, non sendo membros da Xunta de Goberno, o soliciten, de conformidade co artigo 16.3 da LRU. No caso de que o director solicitante non sexa convocado, o rector informará á Xunta, que poderá requeri-la a súa presenza antes de adopta-lo acordo.

Tamén poderá convocar con voz pero sen voto a calquera persoa cando o requira a natureza dos asuntos que se van tratar.

3.- As sesións da Xunta de Goberno non serán públicas.

Artigo 3

A Xunta de Goberno actúa en pleno ou comisións delegadas ás que se refire o capítulo III deste Regulamento. O Pleno da Xunta de Goberno delegará nestas últimas as competencias referidas no antedito capítulo.

Artigo 4

Os acordos da Xunta de Goberno serán executados polo Rector.

CAPÍTULO II - DO PLENO DA XUNTA DE GOBERNO

Sección 1º- Da composición da Xunta de Goberno

Artigo 5

1.-O Pleno da Xunta de Goberno está composto por:

- a) O Rector.
- b) Os vicerrectores, o Secretario Xeral, que o será tamén da Xunta de Goberno, e o Xerente.
- c) Tódolos decanos e directores de escolas técnicas superiores e escolas universitarias.
- d) 15 representantes dos directores de departamento, de xeito que se garanta a representación das grandes áreas científicas e do Campus de Lugo.
- e) 1 representante dos directores dos institutos universitarios.
- f) 4 representantes profesores.
- g) 2 representantes axudantes.
- h) 14 representantes estudantes, dos que 3 deben ser de terceiro ciclo.
- i) 5 representantes do Persoal de Administración e Servicios.

2.-Os membros dos apartados d) e e) do número anterior serán elixidos, respectivamente, polos directores dos departamentos e polos directores dos institutos universitarios. Os membros dos apartados f), g), h) e i) serán elixidos polos membros do Claustro Universitario pertencentes ós sectores correspondentes, de entre eles. Os restantes membros da Xunta de Goberno consideraranse membros natos e desempeñarán o seu posto mentres manteñan a correspondente titularidade.

3.- A elección será por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto entre os candidatos que figuren nunha lista única.

4.- Para a elección dos representantes dos apartados, d) e e) do número 1º, non se admitirá a delegación do voto nin o voto por correo. Tampouco se admitirá o voto anticipado. Para a elección dos membros dos apartados f), g) h) e i) do devandito artigo, rexerá o disposto no Regulamento do Claustro.

5.- Para a elección dos representantes do apartado d) do número 1º, cada elector só poderá da-lo seu voto ó número de candidatos máis próximo ós 3/4 do número dos que deben ser elixidos. Para a elección dos membros dos apartados f), g), h) e i) do referido artigo, rexerá o disposto no Regulamento do Claustro.

6.- Serán proclamados electos aqueles candidatos que obteñan maior número de votos. Para a elección dos representantes dos membros dos apartados, d) e e), no caso de que dous ou máis candidatos obteñan o mesmo número de votos, daráselle preferencia para a proclamación como candidato ó que teña máis antigüidade segundo a previsión do art. 16 dos Estatutos da Universidade. Anualmente convocaranse eleccións para a renovación dos postos vacantes, se os houbese, dos representantes de directores de departamento e de instituto.

Artigo 6

1.- Os membros da Xunta de Goberno que actúan como representantes de directores de departamentos e institutos universitarios serán elixidos para un período de 4 anos. Os representantes dos apartados f), g), h) e i) do artigo 5.1 serán elixidos para o período establecido no Regulamento do Claustro.

2.- Os membros da Xunta de Goberno que actúan como representantes perderán a súa condición de membros da Xunta de Goberno pola súa renuncia expresa antes de remata-lo seu período de mandato, por perda da súa condición de director de departamento ou instituto universitario no caso dos representantes incluídos nos apartados d) e e) do artigo 5.l, ou por perda da condición de claustral, no caso dos representantes incluídos nos apartados f), g), h) e i) do referido artigo.

3.- No caso de que un membro da Xunta de Goberno perda a condición de tal, a substitución farase de acordo coas seguintes previsións:

a) O Rector, polo Rector en funcións.

b) Os decanos de facultades e os directores de escolas técnicas superiores e escolas universitarias polos correspondentes decanos ou directores en funcións.

d) Para a substitución de representantes de directores de departamentos ou institutos universitarios, procederase a unha nova elección de acordo co disposto no artigo 5.

e) A substitución dos representantes incluídos nos apartados f), g), h) e i) do artigo 5.l, farase na forma prevista no Regulamento do Claustro.

4.- Os membros da Xunta de Goberno poderán ser suplidos para a súa asistencia ó pleno da Xunta de Goberno, trala comunicación previa ó Secretario Xeral da Universidade, segundo as seguintes previsións:

Os decanos por un vicedecano, ou polo secretario do centro.

Os directores de escolas técnicas superiores ou escolas universitarias, por un subdirector, ou polo secretario do centro.

5.- No caso de ausencia xustificada do Secretario Xeral, o Rector designará un membro da xunta, profesor de Universidade, para que realice as súas funcións.

Sección 2ª- Da convocatoria, constitución e funcionamento do Pleno da Xunta de Goberno

Artigo 7

1.- A convocatoria do Pleno da Xunta de Goberno correspóndelle ó Rector.

2.- Para que a convocatoria produza efecto, deberase poñer en coñecemento de tódolos membros da Xunta de Goberno mediante unha notificación na que se fará consta-la orde do día e, asemade, día, hora e lugar da reunión.

3.- As notificacións serán entregadas alomenos con setenta e dúas horas de antelación. A convocatoria será nominal e dirixida ó departamento, centro ou unidade á que pertenza o membro convocado.

4.- A Xunta de Goberno reunirse en días administrativamente hábiles.

5.- En casos de urxencia e gravidade, non se aplicará o prazo previsto no parágrafo 3, nin o disposto no parágrafo 4 deste artigo. Os motivos de urxencia e gravidade serán confirmados pola maioría absoluta dos membros da Xunta na sesión correspondente.

Artigo 8

As sesións do Pleno da Xunta poden ser ordinarias ou extraordinarias. As sesións ordinarias teranse que celebrar alomenos unha vez ó trimestre.

As sesións extraordinarias, que estarán adicadas a tratar un só tema ou varios temas de natureza complementaria, reuniranse por iniciativa do Rector ou dun tercio dos membros da Xunta. Neste caso a sesión celebrarase no prazo máximo de dez días despois da data de solicitude.

Artigo 9

- 1.- A orde do día será elaborada polo Rector, asistido polo Secretario Xeral.
- 2.- Na orde do día figurarán inescusablemente os puntos de aprobación da acta da sesión anterior, e de rogos e preguntas, agás que a sesión da Xunta de Goberno sexa extraordinaria.
- 3.- Deberán incluírse na orde do día os puntos que previamente solicitara por escrito a quinta parte dos membros da Xunta de Goberno.

Artigo 10

Para a válida constitución da Xunta de Goberno será necesaria, en primeira convocatoria, a maioría absoluta dos seus membros. En segunda convocatoria, que se celebrará media hora máis tarde, constituirase validamente cun tercio dos seus membros.

Artigo 11

O Pleno da Xunta de Goberno será presidido polo Rector ou por quen faga as súas veces, asistido dunha mesa integrada polos vicerrectores, o Secretario Xeral e o xerente. En caso de ausencia, o Rector será substituído por un vicerrector previamente designado.

A Mesa interpreta o presente Regulamento en casos de dúbida ou omisión. Tamén decidirá sobre a alteración da orde de discusión dos puntos da orde do día, o ordenamento dos debates e calquera outra cuestión que se lle encomende no presente Regulamento ou que o Rector lle consulte. As decisións adoptaranse por maioría se fose preciso chegar a votación, e no caso de empate decidirá o Rector co seu voto de calidade.

Artigo 12

- 1.- O Rector dirixirá e ordenará os debates. De acordo coa Mesa, fixará o tempo de debate para cada tema e en función dos pedimentos de palabra, determinará a duración de cada intervención. Decorrido o prazo concedido para unha intervención, o Rector, despois de invitar a concluír por dúas veces ó membro que estea falando, retiraralle o uso da palabra. O Rector prolongará o tempo de debate no caso de que a maioría simple dos membros presentes considere que o tema non queda suficientemente debatido.
- 2.- Os membros da Xunta de Goberno teñen dereito ó uso da palabra en relación a calquera punto da orde do día. Ninguén poderá ser interrompido cando fala, senón para ser chamado á orde ou a cingirse ó tema polo Rector. Despois de dúas chamadas á orde ou a cingirse ó tema, o Rector poderá retirar-lo uso da palabra.
- 3.- O Rector concederá o dereito de resposta por alusións, de estímulo procedente, durante o período de tempo que fixe.
- 4.- No suposto de excesiva duración do Pleno da Xunta a xuízo da Mesa, o Rector disporá a interrupción da sesión fixando a hora na que deberá reanudarse dentro das 24 horas seguintes.

Artigo 13

- 1.- Os acordos adoptaranse polo maior número de votos a favor dunha proposta, salvo no disposto expresamente para determinados temas neste Regulamento. Non se adoptarán acordos válidos se no momento da votación non estivesen presentes un tercio dos membros da Xunta.
- 2.- As votacións poden ser por asentimento coa proposta formulada, públicas a man alzada, e secretas, cando o soliciten seis membros da Xunta de Goberno. En todo caso, serán secretas cando afecten a persoas concretas.

Artigo 14

Non se admitirá a delegación do voto nin o voto anticipado dos membros da Xunta de Goberno.

Artigo 15

Non se poderán tomar acordos sobre asuntos que non figuren na orde do día, sen prexuízo do previsto no artigo 26. 3 da Lei 30/92.

Artigo 16

1.- O Secretario da Xunta de Goberno redactará unha acta de tódalas sesións do Pleno de Xunta de Goberno.

2.- En cada acta figurarán inescusablemente as seguintes mencións:

a) Membros da Xunta de Goberno, nominalmente designados que asistiron á sesión, subliñando as ausencias xustificadas.

b) Orde do día.

c) Acordos e propostas; hase especificar se foron adoptados por unanimidade, e hase facer consta-lo número exacto dos votos emitidos, o seu sentido e as abstencións.

3.- Na acta da orde do día incluíranse os textos literais dos acordos e propostas e un resumo dos informes e debates, así como calquera mención relacionada cos puntos da orde do día que os membros da Xunta de Goberno, individual ou colectivamente, desexen que figure expresamente.

4.- Cada acta será asinada polo secretario da Xunta de Goberno co visto e prace do presidente da sesión reflectida.

5.- As actas, que serán enviadas ós membros da Xunta coa convocatoria, aprobaranse na seguinte sesión ordinaria da Xunta de Goberno, de selo caso, coas obxeccións que antes do inicio da Xunta propoñan os seus membros para precisar mellor o desenvolvemento da sesión.

Artigo 17

1.- As actas de cada sesión, unha vez aprobadas, incluíranse no Libro de Actas, que quedará baixo a custodia do Secretario Xeral, que lle permitirá a súa consulta a calquera membro da Xunta de Goberno.

2.- Só darán fe dos acordos e propostas da Xunta as certificacións expedidas polo secretario da Xunta de Goberno por orde do Rector.

As certificacións poderán expedirse:

a) De oficio, por requirimento do Claustro da Universidade, dos órganos das administracións públicas ou de órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.

b) A instancia dos membros da Xunta de Goberno.

c) A instancia de calquera interesado.

Nos dous últimos casos, o contido das certificacións versará sobre a parte decisoria dos acordos e propostas.

Non se permitirá a introducción na sala onde se celebra a Xunta de Goberno de ningún aparello de reprodución ou gravación, a non ser que a Xunta de Goberno o autorice, pola maioría absoluta dos seus membros.

3.- A notificación administrativa de calquera asunto que fose sometido á Xunta de Goberno comprenderá o acordo literal tomado por esta.

4.- Ademais do disposto no parágrafo anterior, o secretario da Xunta de Goberno deberá notificarlle-los acordos tomados ós membros da comunidade universitaria a que afecten

especificamente. Se fosen acordos relativos a un sector universitario en xeral, faranse públicos polos medios máis axeitados.

CAPÍTULO III - DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE GOBERNO

Artigo 18

Sen prexuízo das comisións específicas creadas pola Xunta de Goberno, na forma que determine, para tratar temas concretos, crearanse as seguintes comisións estables da Xunta de Goberno:

- a) Comisión de Organización Académica e Profesorado.
- b) Comisión de Investigación.
- c) Comisión de Asuntos Económicos.
- d) Comisión de Actividades Culturais e Deportivas.

Artigo 19

Son competencias das comisións estables informaren dos asuntos presentados polo Rector ou pola Xunta de Goberno, elaboraren propostas concordantes coa súa natureza, e aquelas outras que lles sexan delegadas mediante acordo do Pleno da Xunta de Goberno.

Artigo 20

- 1.- Os membros das comisións delegadas pertencerán á Xunta de Goberno e serán elixidos polos membros dos correspondentes sectores presentes nela mesma de entre eles. No caso de que houberse máis candidatos que postos para cubrir nun sector, procederase á votación deses candidatos nunha lista única.
- 2.- No caso de producirse unha votación para a elección, cada membro dun sector votará un máximo dos $\frac{3}{4}$, ou a cantidade máis próxima, do número de postos para cubrir, agás no caso de que só corresponda cubrir un único posto.
- 3.- Serán elixidos os candidatos máis votados tendo en conta as circunstancias referidas nos artigos 25 e 28.

Artigo 21

- 1.- A calidade de membro dunha comisión delegada da Xunta de Goberno é indelegable.
- 2.- No caso de perda da condición de membro da comisión delegada, procederase a unha nova elección, de acordo co establecido no artigo anterior.

Artigo 22

As sesións das comisións delegadas celebraranse en días administrativamente hábiles, e serán convocadas polos presidentes correspondentes, por escrito, alomenos con 48 horas de antelación. En casos de suma urxencia poderán ser convocadas polos presidentes de forma oral, debendo ser corroborada a devandita urxencia na sesión da Comisión pola maioría absoluta dos membros desta.

Artigo 23

As comisións entenderanse validamente constituídas pola maioría absoluta dos seus membros. Os seus informes e propostas serán adoptados por maioría simple, e ha ser preciso que no momento da votación estea presente alomenos a maioría absoluta dos seus membros.

Artigo 24

Os informes e propostas adoptados, despois de recollidos na acta polo secretario da comisión nomeado polo correspondente presidente, serán elevados ó Rector ou ó Pleno, segundo proceda en cada caso.

Artigo 25

A Comisión de Organización Académica e Profesorado estará integrada por:

- a) O vicerrector ou vicerrectores das áreas relacionadas coa Comisión.
- b) Oito profesores, con representación das cinco grandes áreas, e dos dous campus.
- c) Un axudante.
- d) Cinco estudantes, dos que un será do terceiro ciclo, elixidos de forma que non haxa dous que cursen estudos incluídos na mesma área.
- e) Un membro do Persoal de Administración e Servicios.

O presidente da Comisión será designado polo Rector entre os vicerrectores que a compoñen.

Artigo 26

A Comisión de Investigación estará integrada por:

- a) O vicerrector ou vicerrectores das áreas relacionadas coa Comisión.
- b) Oito profesores, con representación das cinco grandes áreas, e dos dous campus.
- c) Un axudante.
- d) Tres estudantes, dos que dous serán do terceiro ciclo, que non poderán cursar estudos incluídos na mesma área.
- e) Un membro do Persoal de Administración e Servicios.

O presidente da Comisión será designado polo Rector entre os vicerrectores que a compoñen.

Artigo 27

A Comisión de Asuntos Económicos estará integrada por:

- a) O vicerrector ou vicerrectores das áreas relacionadas coa Comisión.
- b) O xerente da Universidade.
- c) Cinco profesores, asegurando a presenza dos dous campus.
- d) Un axudante.
- e) Dous estudantes.
- f) Un membro do Persoal de Administración e Servicios.

O presidente da Comisión será designado polo Rector entre os vicerrectores que a compoñen.

Artigo 28

A Comisión de Actividades Culturais e Deportivas estará composta por:

- a) O vicerrector ou vicerrectores das áreas relacionadas coa Comisión.
- b) Cinco profesores.

- c) Un axudante.
- d) Catro estudantes.
- e) Un membro do Persoal de Administración e Servicios.

O presidente da Comisión será designado polo Rector entre os vicerrectores que a compoñen.

CAPITULO IV - DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 29

A iniciativa para a reforma do Regulamento pode ser adoptada polo Rector ou polo 25% dos membros da Xunta.

Artigo 30

As propostas de reforma deberán estar debidamente articuladas e motivadas. Recibida a proposta, será sometida a votación para a súa toma en consideración no Pleno da Xunta de Goberno. De recibirla proposta os votos favorables do 40% dos membros da Xunta, abrirase un prazo de dez días para a presentación das emendas.

Artigo 31

Nunha sesión do Pleno da Xunta de Goberno procederase á votación das propostas e, de se-lo caso, das emendas; aprobarase o texto que obteña a maioría de votos. A proposta global de reforma será sometida a votación e entenderase aprobada de obte-la maioría absoluta dos membros da Xunta de Goberno. En caso contrario considerarase rexeitada, e non se poderá presentar unha reforma idéntica ata que transcorra un prazo de dous anos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As comisións delegadas de Xunta de Goberno que ven modificada a súa composición adaptaranse á prevista neste regulamento cando se produza a primeira renovación parcial dos seus membros.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O presente Regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade, e das normas vixentes sobre o ensino universitario, así coma do resto do ordenamento xurídico. En particular, para o que non estea disposto no presente Regulamento nin nos Estatutos da Universidade, aplicarase o disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte ó da súa aprobación polo Pleno da Xunta de Goberno.